

O galego na sanidade

Manuel González Moreira

Médico de familia. CS Nicolás Peña. Vigo

Cad Aten Primaria
Ano 2009
Volume 16
Páx. 352-352

A comunicación é un instrumento esencial da nosa práctica profesional. Os médicos de familia sabemos ben da importancia do que chamamos facilitadores non verbais da entrevista clínica, un xesto, un sorriso, un aceno para poder “comunicar” co paciente e a súa familia; e tamén, como non, da importancia da lingua, porque a lingua expresa non só o que sinte e padece o paciente senón tamén como o sinte e padece, e isto último está moi relacionado coa súa “cultura” sobre a enfermidade. O xeito de enfermar, e sobre todo como se manifesta a enfermidade, está profundamente condicionado polos antecedentes culturais do enfermo. O coñecemento desa cultura, e da súa forma de expresión que é a lingua, debería ser un elemento fundamental para o médico de familia que queira establecer unha verdadeira relación terapéutica médico-paciente.

Isto debería facernos máis sensibles, aos sanitarios, á necesidade de manter e coidar o idioma, e de utilizalo como vehículo de comunicación cos pacientes e cos compañeiros. Pero non teño a impresión de que sexa así. Moitos pacientes ocultan a súa lingua cando acoden ao médico: é o fenómeno da invisibilidade social do galego, derivado dos prexuízos sobre a lingua existentes na sociedade. Se atopan un médico que non se expresa en galego o paciente “traducirá” o que sinte coa conseguinte perda de calidade do expresado; se o médico fala en galego o paciente acabará expresando o que sinte como o sinte: en galego, mellorando, a través da empatía, a comunicación e afondando no seu efecto terapéutico.

Os galegofalantes temos a percepción de que o galego é para algúns unha pequena molestia, tolerable na medida en que non obrigue a facer esforzos. De aí ven a sensación de imposición que expresan algúns compañeiros. Poden estudar unha actualización sobre diábetes pero son incapaces de realizar un mínimo esforzo en coidar a comunicación en galego.

Non obstante, unha persoa nacida en Galicia pode ser competente en galego e en español dun modo natural, e podería comunicarse sen demasiadas dificultades nas comunidades de falantes española, galega e lusobrasileira. Deberíamos sentirnos afortunados, pero semella que non somos conscientes diso.

En xeral, as persoas que denuncian a suposta “imposición” do galego estanse situando, intelectualmente, fóra desta comunidade de falantes. Non é así a actitude das persoas castelanfalantes que non teñen prexuízos e se dan conta da necesidade que ten o galego de coidado e aloumiños de todos. De todos modos, isto da imposición e a ameaza á liberdade por parte do galego sona surrealista observando a realidade diaria. A nosa vida cotián familiar, social e profesional (familiares, amizades, amizades dos fillos, periódicos, radio, cine, rótulos do comercio, programas informáticos, xulgados, informes de especialistas hospitalarios...), desenvólvese en castelán.

Os médicos de familia, como o conxunto da sociedade galega, temos que enfrontarnos cun importante reto nos vindeiros anos: conseguir normalizar o uso do galego na sanidade, tanto na fala coma na escrita. Para lograr isto temos que tentar dar pasos que faciliten este obxectivo, pola vía do convencemento e do respecto.

Temos que conseguir que a Administración facilite todas as ferramentas informáticas e de calquera outro tipo en galego, que incentive o uso do galego nos rexistros clínicos, nos informes e na historia clínica, informatizada ou en papel.

Temos que conseguir que o uso do galego en sesións clínicas, seminarios e publicacións científicas, sexa un elemento de prestixio na sanidade pública galega.

Temos que conseguir que o uso do Galego coas e cos pacientes sexa un elemento de calidade na mellora da comunicación e da relación médico-paciente.

Temos o convencemento de que o galego non é unha limitación, é un elemento fundamental da comunicación, e os médicos de familia temos que entendela así; e ademais é un dereito, e as usuarias e usuarios e os profesionais temos o dereito a usalo no Sistema Sanitario Público, e a Administración ten a obriga de garantilo.